



**François Jacob (1920-2013).** O pasado 20 de abril de 2013 faleceu o famoso biólogo francés François Jacob á idade de 93 anos. Jacob obtivo en 1965 o Premio Nobel de Medicina xunto os seus compatriotas Jacques Monod e André Lwoff polos “seus descubrimentos no tocante ao control da síntese de enzimas e virus”. Jacob foi tamén condecorado coa “Orde da Liberación”, reservada aos heroes da liberación francesa na Segunda Guerra Mundial. De feito, as feridas de guerra obrigáronlle dalgunha maneira a abandonar o seu soño de ser cirurxián, para rematar traballando a finais dos anos corenta no laboratorio de André Lwoff no Instituto Pasteur. Vinte anos máis tarde, Jacob e Monod foron quen de combinar xenialmente distintas evidencias

sobre a produción de virus bacteriófagos e o consumo de lactosa na bacteria *Escherichia coli*, para explicar como os xenes podíanse acender e apagar nun simple circuíto de interaccións moleculares. Así, o concepto de “operón” garantiulles para sempre un lugar privilexiado na historia da Bioloxía. Como o seu colega Monod, Jacob escribiu ademais varios libros sobre o quefacer científico, dos cales o máis relevante podería ser “De moscas, ratos e homes”, no que parafrasea ao tamén xenial Steinbeck. Para aprender máis sobre este ilustre científico:

<http://www.webofstories.com/play/14581>

[http://www.nobelprize.org/nobel\\_prizes/medicine/laureates/1965/jacob---bio.html](http://www.nobelprize.org/nobel_prizes/medicine/laureates/1965/jacob---bio.html)

<http://www.sciencemag.org/content/332/6031/767>

David Posada González (19928-X), Facultade de Bioloxía Universidade de Vigo.

<http://darwin.uvigo.es/>